

The page features a decorative graphic on the right side consisting of three overlapping circles in shades of blue, arranged vertically. Two thin blue lines intersect at the top left and extend diagonally across the page, framing the circles.

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
EDUCACIÓN MUSICAL 2019/2020

EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP ARTEIXO
Maio 2020
Rosario Blanco Gato

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Atendendo as recomendacións e circunstancias mencionadas nas Instrucións do 27 de abril de 2020 , da dirección Xeral de Educación, centrarémonos no apoio, reforzo e ampliación dos contidos da Programación Didáctica anterior, tendo como referencia a adquisición e mellora das competencias básicas do noso alumnado.

En relación ás ACI, todos os estándares de aprendizaxe así como as competencias imprescindibles marcadas para este alumnado están detalladas en cada adaptación curricular individual elaborada para cada alumno/a con adaptación curricular e nas áreas necesarias.

A continuación quedarán expostos os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave que se traballan no terceiro trimestre en cada un dos cursos da Educación Primaria.

O obxectivo fundamental desta adaptación da programación será o reforzo, o apoio e a ampliación da materia traballada con anterioridade, así como a presentación e ampliación daqueles contidos que axuden á **consecución e mellora das competencias básicas**. Estes contidos non se consideran avaliábeis.

➤ **PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

3º TRIMESTRE.

• **BLOQUE 1: ESCOITA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j -e	- B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.	B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	- EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
-j -e	- B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica. - B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	- EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA

• **BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j -b	-B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. -B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.	-B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	-EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCCE ▪ CAA
			- EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CMCCT
-j -b	-B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional. - B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra. -B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos,	-B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	-EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CECC ▪ CMCCT
			- EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CMCCT
			EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CECC ▪ CAA ▪ CMCCT
			-EMB2.3.4. Elixo e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CECC ▪ CAA

	<p>cancións e danzas.</p> <p>-B2.9. Selección e combinación de obstinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</p> <p>- B2.10. Selección de sons vocais ,obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</p>		identificación da súa grafía.	
			-EMB2.3.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CECC ▪ CAA

• BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- j -b -a	-B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	-B3.1. Realizar pequenas coreografías.	-EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
-j	B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.	-B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo	-EMB3.2.2.Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

➤ **SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

3º TRIMESTRE.

• **BLOQUE 1: ESCOITA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j	-B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. - B1.13. Forma musical: repetición e contraste	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	- EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
-j -e	-B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. -B1.17. Pulso e acento. Compás binario.		-EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. --EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CD
-J	B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.	-B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	- EMB1.6.1- Recoñece e identifica algún instrumentos e clasifícaos por familias	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

• **BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j	-B2.3. O xilófono e o metalófono.	-B2.2. Coñecer e manexar algún instrumento da aula.	-EMB2.2.1- Cponsegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo cos instrumentos da aula.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
-J -b	- B2.12-Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, canción, relatos breves e imaxes. -B2.13. improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.	-B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	- EMB2.4.3. le e crea pequenos esquemas rímico-melódicos con brancas, negras, silencios de negra, engadindo a clave de sol. - EMB2.4.5. Elixo e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CAA

• **BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVIMENTO E A DANZA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- j -b -a	-B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.	-B3.1. Realizar pequenas coreografías.	-EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
-j	B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.	-B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo	- EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	▪ CCEC
			-EMB3.2.2.Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	▪ CCEC
	-b3.3- Práctica dalgunha danza tradicional galega. - B3.4- Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.		EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	▪ CCEC

➤ **TERCEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

• **BLOQUE 1: ESCOITA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j	-B1.8.Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte. NON AVAILABLE. -B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro). NON AVAILABLE. -B1.10.Compases binarios e ternarios.	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	- EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. NON AVAILABLE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCCE ▪ CAA
			- EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCCE ▪ CAA

• **BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j -b	-B2.2. Fruta doce: dixitacións SI-LA-SOL	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	-EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
-j -d	-B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.	B2.2. Ler e improvisar estruturas musicais co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	-EMB2.2.1. Interpreta Crea unha peza musical, ou esquema melódico e/ou rítmico, a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSIEE
			-EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

• **BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j	-B3.2. Creación e participación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	- B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza	-EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT

➤ **CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

TERCER TRIMESTRE.

• **BLOQUE 1: ESCOITA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j	-B1.11- Instrumentos: clasificación tradicional (vento, corda e percusión) -B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación. NON AVAILABLE -B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.	-B1.4. Coñecer e identificar as familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	- EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. -EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	▪ CCCE ▪ CAA ▪ CCCE ▪ CAA

• **BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j -b	-B2.2. Frauta doce: dixitación MI-FA-SOL-LA-SI-DO-RE´.	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	-EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. -EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	▪ CCEC ▪ CSC

• **BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j	-B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	- B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza	-EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	▪ CAA ▪ CMCCT

➤ **QUINTO DE DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

✓ **3º TRIMESTRE**

• **BLOQUE 1: ESCOITA**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j -d	-B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. NON AVAILABLE.	-B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. NON AVAILABLE	-EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia NON AVAILABLE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

• **BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j -b	- B2.6. Interpretación de melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. - B2.7. Proxecto: concerto ou musical.	-B2.2. Participar nas interpretacións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.	-EMB2.2.1. Interpreta e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			-EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			-EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA

✓ **BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA.**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
-j -b	- B3.5. Proxecto: certame de danza.	- B3.3. Improvisar E OU INTERPRETAR en grupo OU INDIVIDUALMENTE danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons. NON AVAILABLE	- EMB3.3.1. Planifica E TRABALLA a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪CSIEE ▪CAA ▪CMCCT

➤ **SEXTO DE DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Este último trimestre do curso, ao ser o último da etapa, plantexareino a modo de resumo, reforzando conceptos musicais e, sobre todo, traballo expresivo colectivo, tanto instrumental como corporal e vocal globalizando os tres bloques de contidos nas actividades. Así, porei en marcha os obxectivos desde o primeiro trimestre, engadíndolle dificultades a medida que avance o curso. O fundamental deste trimestre: resumo so aprendido e desfrute das actividades colectivas. Compartir amizade a través da música.

✓ **3º TRIMESTRE**

● **BLOQUE 1: ESCOITA**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Actitude atenta e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC

● **BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Interpretación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos. ▪ B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. <p style="color: red;">NON AVAILABLE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD

	<p>instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.</p> <p>NON AVAILABLE</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a VISUALIZACIÓN de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc <p>NON AVAILABLE</p>		<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo. <p>NON AVAILABLE</p>	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CCL
--	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------

- BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA**

Debido as circunstancias actuais, non traballamos este bloque de contidos como tal. Só algunhas propostas rítmico-corporais a modo de repaso de contidos anteriormente traballados na aula.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Na seguinte táboa explícanse os procedementos, instrumentos e os criterios de avaliación do alumnado.

Os procedementos, instrumentos e criterios de avaliación pretendidos para cada un dos alumnos/as con ACI están expostos en cadansúa adaptación curricular individual.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>➤ Procedementos</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ A avaliación basearase na observación e o seguimento do traballo e implicación do alumnado durante todo o 3º trimestre. ✓ Teranse en conta as circunstancias de cada alumno/a. En base a iso, valorarase a súa participación e interacción xunto coas tarefas desenvolvidas. ✓ Valorarase a actitude positiva hacia a área: interés, participación, responsabilidade ... neste período do 3º trimestre.

	<p>➤ Instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Seguimento das actividades desenvolvidas a través do blogue de música e das actividades solicitadas a través do correo electrónico, teléfono, páxina web do centro e as vías de comunicación propostas ás familias. ✓ Observación da participación no blogue e nas actividades propostas. ✓ Observación e rexistro das actividades entregadas polo alumnado. ✓ Entrega de traballos con limpeza e puntualidade. ✓ Corrección dos traballos e tarefas recibidas do alumnado.
<p>Cualificación final</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Para obter a cualificación final de curso tomarase como referencia a evolución do alumno ou alumna durante o primeiro e o segundo trimestre. As competencias acadadas e o traballo desenvolvido durante os dous primeiros trimestres serán a base a ter en conta para a cualificación final. ✓ O terceiro trimestre serviranos para afianzar e reforzar coñecementos polo que o alumnado que amosou unha maior implicación e participación poderá ver incrementada a súa nota con respecto ao segundo trimestre. ✓ En ningún caso este trimestre influirá negativamente na cualificación final do alumnado. ✓ A cualificación final será a media entre a primeira e segunda avaliación. Esta nota media poderá ser incrementada, ou non, en función da participación e implicación do alumnado nas actividades propostas no terceiro trimestre. ✓ No caso de alumnado ca materia suspensa no 1º e/ou no 2º trimestre, a cualificación final dependerá do traballado neste 3º trimestre (entrega de traballos, actitude ante a materia, superación

	dos contidos coas actividades de reforzo e repaso deste 3º trimestre).
--	------------------------------------------------------------------------

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación).

✓ Metodoloxía

A metodoloxía empregada intentará ser activa, contextualizada, variada e adecuada ás circunstancias actuais e aos ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos/as. Caracterizarase por ser unha metodoloxía lúdica, baseada no xogo, especialmente nos primeiros cursos, que favoreza o desenvolvemento das competencias clave coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia.

Empregaremos, máis que nunca, as novas tecnoloxías como instrumentos de traballo

Pola propia necesidade do momento que estamos a vivir, a metodoloxía de traballo en este período de **actividade non presencial**, intentará mellorar as vías de apoio e control. Ao iniciar esta terceira avaliación de modo telemático e nas actuais circunstancias, o obxectivo fundamental será dar o máximo apoio ao alumnado, adecuándonos en todo momento as súas características, necesidades e as circunstancias que afecten á conectividade coa mestra desta materia.

En base a estas premisas, centrámonos no reforzo, apoio e ampliación da materia traballada con anterioridade, así como na presentación e ampliación daqueles contidos que axuden á **consecución e mellora das competencias básicas**. Estes contidos non se consideran avaliábeis.

No deseño destas actividades intentarei, sempre que sexa posible, que a súa realización sexa en forma de xogo conseguindo así unha maior participación e motivación do alumnado.

Así mesmo, terei en conta a atención á diversidade, o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e, sobre todo, as extraordinarias circunstancias do momento actual.

✓ **Actividades**

En xeral, serán actividades de audición, ritmo, traballo instrumental, movemento, coñecemento de instrumentos e músicos importantes da historia, cancións, poemas, xogos orais e trabalinguas, conxugada ca actividade plástica e todas aquelas actividades que fomenten a actividade lúdica, compartida ca familia.

Será un plantexamento de actividades abertas, lúdicas a través das cales o alumnado traballará, na medida do posible, contidos dos tres bloques propios da educación musical: a escoita, o coñecemento da linguaxe musical, a interpretación musical e o ritmo e movemento. As actividades contribuirán ao desenvolvemento das diferentes competencias.

O sistema de traballo será a través do blog de música, do cal se informou ás familias na páxina web do centro. As actividades terán frecuencia semanal.

Cada semana organizarase un “Concerto Didáctico” onde algúns alumnos/as, de xeito voluntario, tocarán algún instrumentos musicais que non se estudan no cole. A partir de aí, plantexarase unha clase para cada un dos niveis, onde se levarán a cabo as actividades: cancións, contos, bailes, xogos rítmicos, interpretación instrumental, construción e debuxo de instrumentos, escoita activa, coñecemento e discriminación auditiva dos instrumentos musicais, compositores e obras importantes, exercicios de lectura e escrita musical ... co obxectivo de desenvolver as competencias básicas.

O diseño das actividades terán en conta celebracións como o “Día do Libro”, “Día das Letras Galegas” e “Concerto fin de curso” . Todo a través do blog de música.

Os/as alumnos poderán enviar sus actividades, que serán corrixidas a través do correo electrónico. Os traballos do alumnado serán publicadon no blog.

4.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O sistema de comunicación co alumnado e as súas familias estase a realizar a través das seguintes canles:

- ✓ Blog da aula de música.
- ✓ Abalar móbil
- ✓ Correo electrónico.
- ✓ Teléfono persoal, en casos excepcionais.
- ✓ Páxina web do centro.
- ✓ Videoconferencias: só co alumnado de sexto curso a partir da última semana de maio.

Arteixo a 22 de maio de 2020

